

LECCIONARIO

REFORMADO SEGUNDO OS DECRETOS DO CONCILIO VATICANO II
APROBADO POLOS BISPOS DAS DIÓCESES DE LINGUA GALEGA
E CONFIRMADO POLA CONGREGACIÓN DO CULTO DIVINO
E DA DISCIPLINA DOS SACRAMENTOS

I

LECTURAS PARA OS DOMINGOS
E FESTAS DO SEÑOR

Ano A

Edición típica segunda

PROVINCIA ECLESIAÍSTICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
1997

LECCIONARIO I (Ano A)

© Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela

*A propiedade deste texto está reservada á
Provincia Eclesiástica Compostelá.*



SACRA CONGREGATIO PRO CULTO DIVINO

Prot. n. 106/69

DECRETUM

Ordinem lectionum Scripturæ Sacræ in Missa adhibendum, ad normam Constitutionis de sacra Liturgia, quo ditior mensa verbi Dei pararetur fidelibus, thesauri biblici largius aperirentur, et, intra præstitutum annorum spatium, præstantior pars Scripturarum Sanctarum populo legeretur (art. 51), Consilium ad exsequendam Constitutionem de sacra Liturgia apparavit, et Summus Pontifex PAULUS VI per Constitutionem Apostolicam «Missale Romanum», die 3 aprilis 1969 datam, approbavit.

Sacra igitur hæc Congregatio pro Cultu Divino, de speciali mandato Summi Pontificis, eundem Ordinem lectionum Missæ promulgat, statuens ut a die 30 novembris, dominica prima Adventus, huius anni 1969 vigere incipiat. Adhibebitur autem proximo anno liturgico, series B lectionum dominicalium et series II prioris lectionis in feriis «per annum».

Cum autem in præsentī Ordine indicationes tantummodo præbeantur pro singulis lectionibus, curæ Conferentiarum Episcopaliū committitur ut textus integri apparentur in linguis vernaculis, servatis normis quæ statutæ sunt per Instructionem de popularibus interpretationibus conficiendis, datam a Consilio ad exsequendam Constitutionem de sacra Liturgia, die 25 ianuarii 1969. Textus vero populares aut sumantur a Sacræ Scripturæ interpretationibus pro singulis regionibus iam legitime approbatis et ab Apostolica Sede confirmatis, aut, si ex novo conficiuntur, confirmationi huius Sacræ Congregationis proponantur.

Contrariis quibuslibet minime obstantibus.

Ex ædibus Sacræ Congregationis pro Cultu Divino, die 25 maii 1969, dominica Pentecostes.

BENNO Card. GUT

Praefectus

A. BUGNINI

a Secretis

SACRA CONGREGATIO PRO SACRAMENTIS ET CULTU DIVINO

Prot. CD 240/81

DECRETUM

DE EDITIONE TYPICA ALTERA

Ordo lectionum Missæ, cuius prima impressio in editione typica anno 1969 facta est, die 25 maii eiusdem anni promulgatus fuerat de speciali mandato Summi Pontificis Pauli VI, secundum normam Constitutionis de sacra Liturgia, ut Conferentiis Episcopalibus indicationes præberentur pro singulis lectionibus biblicis in celebratione Missæ, ad Lectionaria linguis popularibus exarata diversis in regionibus apparanda.

In illa editione deerant indicationes biblicæ lectionum pro «Ordinibus» sacramentorum necnon rituum, qui post mensem maium 1969 fuerunt evulgati. Præterea, Bibliorum sacrorum Nova Vulgata editione peracta, per Constitutionem Apostolicam «Scripturarum thesaurus» die 25 aprilis 1979 datam statutum est textum Novæ Vulgatæ editionis tamquam typicum ad usum liturgicum in posterum assumi debere.

Cum vero editio-typica prior iam non prostet, opportunum visum est alteram parare editionem, quæ relatione habita ad priorem sequentia præbet elementa peculiaria:

- 1) Textus «Prænotandorum» auctus est.
- 2) Ad normam Constitutionis Apostolicæ «Scripturarum thesaurus», in textibus biblicis referendis adhibita est Bibliorum sacrorum editio Nova Vulgata.
- 3) Insertæ sunt omnes indicationes biblicæ, quæ inveniuntur in Lectionariis «Ordinum» sacramentorum atque sacramentalium post editionem priorem «Ordinis lectionum Missæ» evulgatis.
- 4) Adiunctæ sunt quoque indicationes biblicæ pro lectionibus in quibusdam Missis «pro variis necessitatibus» necnon pro lectionibus in ceteris Missis, quæ in editionem alteram Missalis Romani anno 1975 prima vice sunt insertæ.
- 5) Ad celebrationes Sanctæ Familiæ, Baptismatis Domini, Ascensionis et Pentecostes quod attinet, adiunctæ sunt indicationes lectionum «ad libitum», ut biblici textus earundem celebrationum, per cyclos A, B, C in Lectionario pro dominicis et festis distributi, prorsus complerentur.

Hanc editionem alteram Ordinis Lectionum Missæ Summus Pontifex Ioannes Paulus II auctoritate sua approbavit et Sacra Congregatio pro Sacramentis et Cultu Divino nunc promulgat et typicam esse declarat.

Curæ erit Conferentiarum Episcopalium variationes, quæ in hac editione altera inveniuntur, in editiones linguis vernaculis apparandas inducere.

Contrariis quibuslibet minime obstantibus.

Ex ædibus Sacræ Congregationis pro Sacramentis et Cultu Divino, die 21 ianuarii 1981.

IACOBUS R. Card. KNOX
Praefectus

VERGILIUS NOË
a Secretis adiunctus

CONGREGATIO DE CULTU DIVINO
ET DISCIPLINA SACRAMENTORUM

Prot. 2521/95/L

HISPANIÆ

DIOECESIUM LINGUÆ CALLÆCÆ

Instante Excellentissimo Domino Elia Yanes Alvarez, Archiepiscopo Cæsaraugustano et Coetus Episcoporum Hispaniæ Præsidi, litteris die 19 decembris 1995 datis, vigore facultatum huic Congregationi a Summo Pontifice IOANNE PAULO II tributarum, **Lectionarium Missæ**, cuius titulus: «**Leccionario I, Lecturas para os Domingos e festas do Señor**», lingua callæca exaratum, prout exstat in exemplari huic Decreto adnexo, perlibenter confirmamus.

In textu imprimendo inseratur ex integro hoc Decretum, quo ab Apostolica Sede petita confirmatio conceditur. Eiusdem insuper textus impressi duo exemplaria ad hanc Congregationem transmittantur.

Contrariis quibuslibet minime obstantibus.

Ex ædibus Congregationis de Cultu Divino et Disciplina Sacramentorum, die 16 iulii 1996.

GERARDUS M. AGNELO
Archiepiscopus a Secretis

CARMELUS NICOLOSI
Subsecretarius

PRESENTACIÓN

Con fonda ledicia presentamos os leccionarios, que recollen as lecturas bíblicas escollidas pola Igrexa para o servizo litúrxico, en favor dos fieis. Malia a evolución da linguaxe nos tempos que corren, ofrecemos as devanditas lecturas con perspectivas de certa estabilidade. Velaí, pois, uns textos bíblicos traducidos á lingua galega, coa intención de mellora-los que no seu momento serviron para inicia-las celebracións da liturxia eucarística na devandita lingua.

A palabra de Deus, consecuencia do seu amor gratuíto, é para o crente fonte de vida e de ledicia. Deus comunícalle ó home o seu sentir, de xeito que, levándoo á práctica, acade o que é bo. Mesmo resulta beneficioso para o que non chegou aínda á fe, pois a palabra divina «é antorcha para os pasos e luz no propio camiño» (Sal 119, 105). Se a palabra é sempre bendición divina, éo dun xeito especial na celebración litúrxica, cando os membros do pobo de Deus que a escoitan participan da Eucaristía como comunidade que camiña e vive a súa fe. Pola palabra de Cristo, o pobo de Deus réunese, medra e mantén a súa relación con Deus e a cos propios membros. Nun só acto de culto (*Sacrosanctum Concilium*, núm. 56), ofréceselle a Deus o sacrificio de loanza e outórgaselle ó pobo reunido a plenitude da redención. Ademais, o Señor, que se manifestou abertamente ós «dous de Emaús» cando, despois de lles explíca-las Escrituras, presenciaron a fracción do pan, abrialle os ollos ós que participan nas celebracións litúrxicas, nas que o protagonista é a palabra de Deus proclamada, encarnada e recibida en comunión. Dese xeito, ó que participa na Eucaristía chámasele pola forza da palabra a escoita-la mensaxe e levala á práctica, para que se converta nun home asinado que constrúe a súa casa enriba da rocha (Mt 7, 24-27; cf. Sant 1, 22): non hai vendaval que derrube unha casa tan ben asentada.

A palabra de Deus convoca a Igrexa e dálle dinamismo ó pobo. Tamén a Igrexa transmite a palabra de Deus, ó tempo que na súa vida e no culto que tributa manifesta a súa propia condición.

Deus faloulle ós homes na lingua e coa mentalidade dos primeiros destinatarios, como dicía Frei Luís de León. Iso non significa que haxa que proclama--los textos bíblicos na lingua dos hebreos, na que se escribiron: cómpre traducilos, para que a mensaxe que gardan poida chegar a todos. A lingua galega non é menos doada que as outras para acoller unha mensaxe tan rica e fecunda. E, dado que a lingua é algo así como a expresión do modo de ser das xentes que a falan, a palabra de Deus chega ós galegos polos conductos máis axeitados cando se proclama nese idioma. Velaí o tesouro espiritual da palabra de Deus, ofrecido ó pobo de Galicia na súa lingua, de xeito que poida asimilala con siso e levala á práctica na propia vida.

PRENOTANDOS

PROEMIO

CAPÍTULO I

PRINCIPIOS XERAIS PARA A CELEBRACIÓN LITÚRXICA DA PALABRA DE DEUS

I. Algunhas indicacións previas

a) IMPORTANCIA DA PALABRA DE DEUS NA CELEBRACIÓN LITÚRXICA

1. Tanto no Concilio Vaticano II,¹ coma no maxisterio dos sumos pontífices,² como tamén nos decretos que, despois do Concilio, foron promulgando os dicasterios da santa Sé,³ téñense dito xa moitas cousas, e por certo moi aquelas, sobre da importancia da palabra de Deus e da restauración do uso da sagrada Escritura en toda celebración litúrxica. Ademais, nos Prenotandos da Ordenación das lecturas da Misa, editada no ano 1969, expuxéronse axeitadamente e explicáronse con brevidade algúns dos principios máis importantes.⁴

Co gallo desta nova edición da devandita Ordenación das lecturas da Misa, surxiron aquí e acolá diversas peticións na liña de que foran expostos con máis precisión eses principios dos que acabamos de falar; por iso fíxose esta exposición dos Prenotandos, máis ampla e congruente; nesta exposición, despois dunha afirmación xenérica sobre a

¹ Cf. principalmente Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núms. 7, 24, 33, 48, 51, 52, 56; Constitución dogmática *Dei Verbum*, sobre a divina revelación, núms. 1, 21, 25, 26; Decreto *Ad gentes divinitus*, sobre a actividade misioneira da Igrexa, núm. 6; Decreto *Presbyterorum ordinis*, sobre o ministerio e a vida dos presbíteros, núm. 18.

² Cf., entre o que os supremos pontífices teñen dito de palabra ou por escrito, principalmente: Pablo VI, Carta apostólica *Ministeria quaedam*, 15 de agosto de 1972, núm. V: AAS 64 (1972), p. 532; *Id.* Exhortación apostólica *Marialis cultus*, 2 de febreiro de 1974, núm. 12: AAS 66 (1974), pp. 125-126; *Id.* Exhortación apostólica *Evangelii nuntiandi*, 8 de decembro de 1975, núm. 28: AAS 68 (1976), pp. 24-25; núm. 43: *ibid.*, pp. 33-34; núm. 47: *ibid.*, pp. 36-37; Xoán Paulo II, Constitución apostólica *Scripturarum thesaurus*, 25 de abril de 1979: en *Nova Vulgata Bibliorum Sacrorum Editione*, Typis Polyglottis Vaticanis, 1979, pp. V-VIII; *Id.*, Exhortación apostólica *Catechesi tradendae*, 16 de outubro de 1979, núm. 23: AAS 71 (1979), pp. 1296-1297; núm. 27: *ibid.*, pp. 1298-1299; núm. 48: *ibid.*, p. 1316; *Id.*, Carta *Dominicae Cenae*, 24 de febreiro de 1980, núm. 10: AAS 72 (1980), pp. 134-137.

³ Cf., por exemplo, Sagrada Congregación de Ritos, Instrucción *Eucharisticum Mysterium*, 25 de maio de 1967, núm. 10: AAS 59 (1967), pp. 547-548; Sagrada Congregación para o Culto divino, Instrucción *Liturgicae instaurationes*, 5 de setembro de 1970, núm. 2: AAS 62 (1970), pp. 695-696; Sagrada Congregación para os Clérigos, *Directorium catechisticum generale*, 11 de abril de 1971: AAS 64 (1972), pp. 106-107; núm. 25: *ibid.*, p. 114; Sagrada Congregación para o Culto divino, *Ordenación xeral do Misal romano*, núms. 9, 11, 24, 33, 60, 62, 316, 320; Sagrada Congregación para a Ensinanza católica, Instrucción *In ecclesiasticam*, sobre a formación litúrxica nos seminarios, 3 de xuño de 1979, núms. 11, 52; *ibid.*, Apéndice, núm. 15; Sagrada Congregación para os Sacramentos e o Culto divino, Instrucción *Inaestimabile donum*, 3 de abril de 1980, núms. 1, 2, 3: AAS 72 (1980), pp. 333-334.

⁴ Cf. Missale Romanum ex Decreto Sacrosancti Oecumenici Concilii Vaticani II instauratum auctoritate Pauli VI promulgatum. *Ordo lectionum Missae* (Typis Polyglottis Vaticanis 1969), IX-XII (Praenotanda); Decreto de promulgación: AAS 61 (1969), pp. 548-549.

conexión entre a palabra de Deus e a acción litúrxica,⁵ tratarase máis concretamente da palabra de Deus na celebración da Misa, e exporase, finalmente, a estrutura detallada da Ordenación das lecturas.

b) TERMOS EMPREGADOS PARA DESIGNA-LA PALABRA DE DEUS

2. É cousa razoable que nesta materia se esixa precisión nas palabras, para que a linguaxe sexa realmente clara e transparente; emporiso, nestes Prenotandos empregarémolos mesmos termos empregados nos documentos promulgados no mesmo Concilio ou despois do Concilio; e así aplicaremos sen ningún distingo e co mesmo sentido as expresións «sagrada Escritura» e «palabra de Deus» ós libros escritos por inspiración do Espírito Santo; iso si, evitando calquera confusión de nomes ou de cousas.⁶

c) SIGNIFICACIÓN LITÚRXICA DA PALABRA DE DEUS

3. Nas diferentes celebracións e nas diferentes asembleas de fieis que participan nas ditas celebracións, exprésanse de xeito admirable os múltiples tesouros da única palabra de Deus, ben sexa no transcurso do ano litúrxico, no que lembrámo-lo misterio de Cristo en todo o seu conxunto e sucesión, ben sexa na celebración dos sacramentos e dos sacramentais da Igrexa, ou na reposta de cada fiel á acción interna do Espírito Santo,⁷ xa que daquela a mesma celebración litúrxica, que se sostén e apoia principalmente na palabra de Deus, convértese nun acontecemento novo e enriquece esta palabra cunha nova interpretación e unha nova eficacia. Deste xeito, na liturxia, a Igrexa segue fielmente o mesmo sistema que empregou Cristo na lectura e na interpretación das sagradas Escrituras, posto que el nos anima a profundar no conxunto das Escrituras partindo do «hoxe» do seu acontecemento persoal.⁸

2. A celebración litúrxica da palabra de Deus

a) CARACTERÍSTICAS PROPIAS DA PALABRA DE DEUS NA ACCIÓN LITÚRXICA

4. A palabra de Deus non se pronuncia na celebración litúrxica dunha soa maneira,⁹ nin se fai notar coa mesma eficacia nos corazóns dos que a escoitan, pero sempre Cristo

⁵ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núms. 35, 56; Paulo VI, Exhortación apostólica *Evangelii nuntiandi*, 8 de decembro de 1975, núms. 28, 47; AAS 68 (1976), pp. 24-25 e 36-37; Xoán Paulo II, Carta *Dominicae Cenaes*, 24 de febreiro de 1980, núms. 10, 11, 12; AAS 72 (1980), pp. 134-146.

⁶ Así, por exemplo, *palabra de Deus, sagrada Escritura, Antigo e Novo Testamento, Lectura (Lecturas) da palabra de Deus, Lectura (Lecturas) da sagrada Escritura, Celebración (Celebracións) da palabra de Deus*, etc.

⁷ Un mesmo texto, polo tanto, pode ser lido e empregado baixo diversos aspectos, segundo as diversas ocasións e celebracións litúrxicas do ano eclesialístico. Isto cómpre telo presente na homilía, na eséxese pastoral e na catequese. Ollando para os índices deste mesmo volume, isto que dicimos resulta máis que evidente, por exemplo, no referente ó uso dos capítulos 6 e 8 da carta ós Romanos, segundo se lean nos diversos tempos do ano litúrxico e nas diversas celebracións de sacramentos e sacramentais.

⁸ Cf. Lc 4, 16-21; 24, 25-35. 44-49.

⁹ Así, por exemplo, *Proclamación ou Lectura*, etc., na celebración da misa (cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núms. 21, 23, 95, 131, 146, 234, 235); así tamén as celebracións da palabra de Deus no *Pontifical*, no *Ritual romano* e na *Liturxia das Horas*, reformados por decreto do Concilio ecuménico Vaticano II.

está presente na súa palabra¹⁰ e, realizando o misterio de salvación, santifica á xente e tribútalles ó Pai o culto perfecto.¹¹

Aínda máis, a economía da salvación, que a palabra de Deus non deixa de lembrar e de alongar, acada o seu significado máis completo na acción litúrxica, de xeito que a celebración litúrxica se converte nunha continua, plena e eficaz exposición desta palabra de Deus.

Deste xeito a palabra de Deus, exposta continuamente na liturxia, é sempre viva e eficaz¹² polo poder do Espírito Santo, e manifesta o amor operante do Pai, amor que non falla na súa eficacia a prol da humanidade enteira.

b) A PALABRA DE DEUS NA ECONOMÍA DA SALVACIÓN

5. A Igrexa anuncia o único e idéntico misterio de Cristo cando proclama o Antigo e o Novo Testamento na celebración litúrxica; xa que no Antigo Testamento latexa o Novo, e no Novo Testamento faise patente o Antigo.¹³ Cristo é o centro e a plenitude de toda a Escritura, e tamén de toda a celebración litúrxica;¹⁴ por iso, tódolos que procuran a salvación e a vida han de beber das súas fontes.

Canto máis fonda é a comprensión da celebración litúrxica, máis grande é tamén a estima pola palabra de Deus, e o que se afirma dunha delas pódese afirmar da outra, xa que ambas lembran o misterio de Cristo e o perpetúan cada unha ó seu xeito.

c) A PALABRA DE DEUS NA PARTICIPACIÓN LITÚRXICA DOS FIEIS

6. A Igrexa, na acción litúrxica, responde fielmente co mesmo «Amén» que Cristo, mediador entre Deus e a xente, pronunciou dunha vez para sempre coa efusión do seu sangue, para sancionar no Espírito Santo, por vontade divina, a nova alianza.¹⁵

Cando Deus comunica a súa palabra, agarda sempre unha resposta, resposta que é escoita e adoración «en Espírito e verdade» (Xn 4, 23). O Espírito Santo, verdadeiramente, é quen dá eficacia a esta resposta, para que se traduza na vida o que se escoita na acción litúrxica, segundo aquel dito da Escritura: «Sede cumpridores da Palabra e non vos contentedes con escoitala» (Sant 1, 22).

As actitudes corporais, os xestos e palabras con que se expresa a acción litúrxica e se manifesta a participación dos fieis reciben o seu significado non só da experiencia humana da que son tomados, senón da palabra de Deus e da economía da salvación, á que fan referencia; e por iso máis e mellor participan os fieis na acción litúrxica, se,

¹⁰ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núms. 7, 33; Mc 16, 19-20; Mt 28, 20; S. Agostiño, *Sermo* 85, 1: «O Evanxeo é a boca de Cristo. Está sentado no ceo, pero non deixa de falar na terra» (PL 38, 520; cf. tamén *In Ioannis Evangelium Tractatus XXX*, 1: PL 35, 1632; CCL 36, 289) e aquelas palabras do *Pontificale Romanum Germanicum*: «Lese o Evanxeo, no cal Cristo lle fala ó pobo coa súa mesma boca para... actualiza-lo Evanxeo na Igrexa, como se o mesmo Cristo en persoa lle falara ó pobo» (cf. V. Vogel-R.Elze, edición *Le Pontifical Romano-germanique du dixième siècle. Le Texte I*. Ciudad del Vaticano 1963/XCIV, 18, p. 334), ou aquelas outras: «Cando se fai presente o mesmo Cristo en persoa, isto é, o Evanxeo, deixámo-lo báculo, porque xa non precisamos de soporte humano» (*op. cit.*, XCIV, 23, p. 335).

¹¹ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia núm. 7.

¹² Cf. Hb 4, 12.

¹³ Cf. S. Agostiño en: *Quaestionum in Heptateuchum liber* 2, 73: PL 34, 623; CCL 33, 106; Concilio Vaticano II, Constitución dogmática *Dei verbum*, sobre a divina revelación, núm. 16.

¹⁴ Cf. S. Xerome: «Se, como di o apóstolo Paulo (1Cor 1, 24), Cristo é forza de Deus e sabedoría de Deus, o que descoñece as Escrituras descoñece a forza e a sabedoría de Deus, xa que ignora-las Escrituras é ignorar a Cristo» (*Commentarii in Isaiam prophetam. Prologus*: PL 24, 17A; CCL 73, 1); Concilio Vaticano II, Constitución dogmática *Dei verbum*, sobre a divina revelación, núm. 25.

¹⁵ Cf. 2Cor 1, 20-22.

cando escoitan a palabra de Deus proclamada nas celebracións, se esforzan por achegarse intimamente á Palabra de Deus en persoa, Cristo encarnado, de xeito que manifesten na súa vida e nos seus costumes aquilo que celebran na liturxia, e, á inversa, que expresen na liturxia os comportamentos da vida real.¹⁶

3. A palabra de Deus na vida do pobo «da alianza»

a) A PALABRA DE DEUS NA VIDA DA IGREXA

7. A Igrexa edifícase e vai medrando mediante a escoita da palabra de Deus; as marabillas que de moitas maneiras fixo Deus noutros tempos, esas mesmas marabillas fanse de novo presentes na historia da salvación, dun xeito misterioso pero real, a través dos signos da celebración litúrxica; Deus válese da comunidade dos fieis que celebran a liturxia para que a súa palabra siga avanzando gloriosamente, e para que o seu nome sexa glorificado no medio dos pobos.¹⁷

Polo tanto, sempre que a Igrexa, congregada polo Espírito Santo na celebración litúrxica,¹⁸ anuncia e proclama a palabra de Deus, recoñécese a si mesma como o novo pobo no que a alianza sancionada antigamente chega agora á súa plenitude e ó seu total cumprimento. Tódolos cristiáns foron constituídos pregoeiros da palabra de Deus polo bautismo e pola confirmación no Espírito, e por iso, xa que recibiron o don de poder escoita-la palabra, deben anunciar esta palabra de Deus na Igrexa e no mundo, maiormente co testemuño da súa vida.

Esta palabra de Deus, que se proclama na celebración dos sagrados misterios, non só se refire á situación do momento presente, senón que olla tamén cara ó pasado e intúe o futuro, e fainos ve-lo desexables que son aquelas cousas que agardamos, de xeito que, no medio dos vaivéns do mundo, os nosos corazóns estean firmes na verdadeira ledicia.¹⁹

b) A PALABRA DE DEUS NA EXPLICACIÓN QUE DELA FAI A IGREXA

8. Por vontade do mesmo Cristo, o novo pobo de Deus atópase diversificado nunha admirable variedade de membros, e por iso son tamén diferentes os oficios e funcións que lle corresponden a cada un no que se refire á palabra de Deus; segundo isto, os fieis escoitan e meditan a palabra, e explícanla unicamente aqueles ós que lles corresponde a función do maxisterio pola sagrada ordenación, ou aqueles ós que se lles encomenda este ministerio.

Deste xeito a Igrexa, na súa doutrina, na súa vida e no seu culto, perpetúa e transmite a tódalas xeracións todo o que ela é, todo o que cre, e desta maneira, segundo van pasando os séculos, tende constantemente cara á plenitude da verdade divina ata que nela teña a súa total realización a palabra de Deus.²⁰

¹⁶ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 10.

¹⁷ Cf. 2Tes 3, 1.

¹⁸ Cf. *Oracións colectas, Pola santa Igrexa, en Misal romano* reformado por mandato do Concilio Vaticano II e promulgado pola súa Santidade o papa Paulo VI (Provincia eclesiástica de Santiago de Compostela, 1987), pp. 932, 933, 935; S. Cipriano, *De oratione dominica* 23: PL 4, 553; CSEL 3/2, 285; CCL 3A, 105. S. Agostiño, *Sermo* 71, 20, 33: PL 38, 463s.

¹⁹ Cf. *Oración colecta do Domingo XXI do tempo ordinario, no Misal romano, o. c.*, p. 381.

²⁰ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución dogmática *Dei verbum*, sobre a divina revelación, núm. 8.

c) CONEXIÓN ENTRE A PALABRA DE DEUS PROCLAMADA
E A ACCIÓN DO ESPÍRITO SANTO

9. Para que a palabra de Deus realice de verdade nos corazóns o que soa nos oídos, cómpre a acción do Espírito Santo; coa súa inspiración e axuda a palabra de Deus convértese no fundamento da acción litúrxica e en norma e axuda de toda a vida.

Por conseguinte, a actuación do Espírito non só precede, acompaña e segue a toda acción litúrxica, senón que tamén vai lembrando²¹ no corazón de cadaquén aquelas cousas que, na proclamación da palabra de Deus, se len para tódolos fieis; fortalecendo a unidade de toda a comunidade, fomenta ó mesmo tempo a diversidade de carismas e fai posibles actuacións moi variadas.

d) ÍNTIMA COHESIÓN ENTRE A PALABRA DE DEUS E O MISTERIO EUCARÍSTICO

10. A Igrexa honra cunha mesma veneración, aínda que non co mesmo culto, a palabra de Deus e o misterio eucarístico, e quere e sanciona que sempre e en tódalas partes se imite este proceder; xa que, movida polo exemplo do seu fundador, nunca deixou de celebra-lo misterio pascual de Cristo, reuníndose para ler «o que as Escrituras falaban del» (Lc 24,27) e exercendo a obra de salvación por medio do memorial do Señor e dos sacramentos. E así, «requírese a predicación da palabra para o ministerio dos sacramentos, posto que son sacramentos da fe, fe que procede da palabra e da palabra se mantén».²²

Alimentada espiritualmente nesta dobre mesa,²³ a Igrexa progresa no seu coñecemento gracias á mesa da palabra, e na súa santificación gracias á mesa da eucaristía. En efecto, na palabra de Deus proclámase a alianza divina, en tanto que na eucaristía renóvase a mesma alianza nova e eterna. Na mesa da palabra evócase a historia da salvación mediante o son das palabras; na mesa da eucaristía a mesma historia é presentada a través dos signos sacramentais da liturxia.

Polo tanto cómpre ter sempre en conta que a palabra de Deus lida e anunciada pola Igrexa na liturxia conduce, coma quen di, ó sacrificio da alianza e ó banquete da gracia, é dicir, á eucaristía, como á súa fin propia. Por conseguinte, a celebración da Misa, na que se escoita a palabra e na que se ofrece e recibe a eucaristía, constitúe un só acto de culto,²⁴ no que se lle ofrece a Deus o sacrificio de loanza e se lle outorga á xente a plenitude da redención.

²¹ Cf. Xn 14, 15-17. 25-26; 15, 26—16, 15.

²² Concilio Vaticano II, Decreto *Presbyterorum ordinis*, sobre o ministerio e a vida dos presbíteros, núm. 4.

²³ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 51; Decreto *Presbyterorum ordinis*, sobre o ministerio e a vida dos presbíteros, núm. 18; e tamén a Constitución dogmática *Dei verbum*, sobre a divina revelación, núm. 21; Decreto *Ad gentes divinitus*, sobre a actividade misioneira da Igrexa, núm. 6. Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 8.

²⁴ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 56.

PRIMEIRA PARTE

A PALABRA DE DEUS NA CELEBRACIÓN DA MISA

CAPÍTULO II

A CELEBRACIÓN DA LITURXIA DA PALABRA NA MISA

1. Elementos da liturxia da palabra e ritos deses elementos

11. «As lecturas tomadas da sagrada Escritura, cos cantos que se intercalan, constitúen a parte principal da liturxia da palabra; a homilía, a profesión de fe e a oración universal ou oración dos fieis, desenvólvena e mais póñenlle remate.»²⁵

a) AS LECTURAS BÍBLICAS

12. Non está permitido que na celebración da Misa se supriman ou se recorten as lecturas bíblicas, nin os cantos tomados da sagrada Escritura; e aínda sería máis grave que fosen substituídas por outras lecturas non bíblicas.²⁶ En efecto, desde a palabra de Deus escrita, aínda «Deus lle fala ó seu pobo»²⁷ e, co emprego continuado da sagrada Escritura, o pobo de Deus, feito dócil ó Espírito Santo pola luz da fe, poderá dar testemuño de Cristo diante do mundo coa súa vida e cos seus costumes.

13. A lectura do Evanxeo constitúe o cumio desta liturxia da palabra; as demais lecturas que, segundo a orde tradicional, fan a transición do Antigo ó Novo Testamento, preparan a asemblea reunida para esta lectura evanxélica.

14. O que máis axuda a unha axeitada comunicación da palabra de Deus á asemblea mediante as lecturas é a maneira mesma que os lectores teñan de ler; cómpre que o fagan en voz alta e clara, e con coñecemento do que len. As lecturas, tomadas de versións aprobadas,²⁸ tendo en conta as características de cada lingua, poden ser cantadas, pero sempre con tal que o canto non escureza o texto, senón que lle dea realce. Se se len en latín, observarse o indicado no *Ordo cantus Missae*.²⁹

15. Antes das lecturas, especialmente antes da primeira, pódense facer unhas monicións breves e axeitadas. Cómpre ter en conta o xénero literario destas monicións. Deben ser sinxelas, fieis ó texto, breves, preparadas minuciosamente e adaptadas ó aquel propio do texto ó que deben introducir.³⁰

²⁵ *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 33.

²⁶ Cf. Sagrada Congregación para o Culto divino, Instrucción *Liturgicae instaurationes*, 5 de setembro de 1970, núm. 2: AAS 62 (1970), pp. 695-696; Xoán Paulo II, Carta *Dominicae Cenaes*, 24 de febreiro de 1980, núm. 10: AAS 72 (1980), pp. 134-137; Sagrada Congregación para os Sacramentos e o Culto divino, Instrucción *Inaestimabile donum*, 3 de abril de 1980, núm. 1: AAS 72 (1980), p. 333.

²⁷ Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 33.

²⁸ Cf. *infra*, *Prenotandos*, núm. 111, p. XLII.

²⁹ Cf. *Missale Romanum* ex Decreto Sacrosancti Oecumenici Concilii Vaticani II instauratum, auctoritate Pauli PP. VI promulgatum, *Ordo cantus Missae*, editio typica 1972, *Praenotanda*, núms. 4, 6, 10.

³⁰ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 11.

16. Na celebración da Misa con participación do pobo, as lecturas débense proclamar sempre desde o ambón.³¹

17. Nos ritos da liturxia da palabra cómpre ter en conta a veneración debida á lectura do Evanxeo.³² Cando se dispón dun evanxeliario, que nos ritos iniciais foi levado procesionalmente polo diácono ou polo lector,³³ é moi conveniente que o diácono ou, se non o hai, o presbítero, colla do altar³⁴ o libro dos Evanxeos; despois, precedido polos ministros con ciriais e incenso, ou con outros signos de veneración autorizados polo costume, levará o Evanxeliario ata o ambón. Os fieis están de pé e veneran o libro dos Evanxeos coas súas aclamacións ó Señor. O diácono que vai le-lo Evanxeo, inclinado perante o que preside, pide e recibe a bendición. O presbítero, cando non hai diácono, inclinado ante o altar, di en voz baixa a oración: **Limpa o meu corazón...**³⁵

No ambón, quen proclama o Evanxeo saúda ó pobo, que está de pé, anuncia o título da lectura, facendo o sinal da cruz na fronte, na boca e no peito; despois, se se usa o incenso, incensa o libro e, finalmente, le o Evanxeo. Rematado o Evanxeo, bica o libro, dicindo en voz baixa as palabras de costume.

O saúdo, o anuncio: **Lectura do santo Evanxeo...**, e: **Palabra do Señor**, ó final, é ben cantalos, a fin de que a asemblea poida aclamar tamén cantando, e iso aínda que o Evanxeo simplemente sexa lido. Deste xeito, ponse de relevo a importancia da lectura evanxélica e avívase a fe dos que a escoitan.

18. Ó final das lecturas, a conclusión: **Palabra do Señor** pode ser tamén cantada por un cantor distinto ó lector que proclamou a lectura, e despois responden todos coa aclamación. Así a asemblea reunida honra a palabra de Deus, recibida con fe e con espírito de acción de grazas.

b) O SALMO RESPONSORIAL

19. O salmo responsorial, chamado tamén gradual, por ser «parte integrante da liturxia da palabra»³⁶ ten moita importancia litúrxica e pastoral. Por iso os fieis deben ser instruídos con insistencia sobre o xeito de percibi-la palabra de Deus, que nos fala nos salmos, e sobre o xeito de converter estes salmos en oración da Igrexa. Isto «realizárase máis doadamente se se promove, con dilixencia, entre o clero un coñecemento máis fondo dos salmos, segundo o sentido con que se cantan na sagrada liturxia, e se se comparte isto cos fieis mediante unha boa catequese».³⁷

Tamén poden axudar unhas breves monicións nas que se indique o porqué daquel salmo determinado e da resposta, e a súa relación coas lecturas.

³¹ Cf. *ibid.*, núm. 272; e *infra*, *Prenotandos*, núms. 32-34, XX-XXI.

³² Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núms. 35, 95.

³³ Cf. *ibid.*, núms. 82-84.

³⁴ Cf. *ibid.*, núms. 94, 131.

³⁵ Cf. *Ordinario da Misa celebrada con participación do pobo*, 11, en: *Misal romano* reformado por mandato do Concilio Vaticano II e promulgado pola súa Santidade o papa Paulo VI (Provincia eclesiástica de Santiago de Compostela, 1987), p. 430.

³⁶ *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 36.

³⁷ Paulo VI, Constitución apostólica *Laudis canticum*, en *Liturxia das Horas*, reformada por mandato do concilio Vaticano II e promulgada pola súa Santidade o papa Paulo VI (edición castelana: Coeditores litúrxicos 1979); cf. tamén Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núms. 24, 90; Sagrada Congregación de Ritos, Instrución *Musicam sacram*, sobre a música na sagrada liturxia, 5 de marzo de 1967, núm. 39: AAS 59 (1967), p. 311; *Ordenamento xeral da Liturxia das Horas*, núms. 23 e 109; Sagrada Congregación para a Ensinanza católica, *Ratio fundamentalis*, núm. 53.

20. Normalmente, o salmo responsorial debe ser cantado. Cómpre lembra-los dous modos de canta-lo salmo que segue á primeira lectura: o modo responsorial e o modo directo. No modo responsorial, que, no que se poida, ha de se-lo preferido, o salmista ou cantor do salmo canta os versíños do salmo, e toda a asemblea participa por medio da resposta. No modo directo, o salmo cántase sen que a asemblea intercale a resposta, e pódeno cantar, ou ben só o salmista ou cantor do salmo, ou ben todos xuntos.

21. O canto de todo o salmo ou o canto só da resposta favorece moito a percepción do sentido espiritual do salmo e a meditación do mesmo.

En cada cultura hai que poñer en xogo tódolos medios que poden favorecer-lo canto da asemblea, e en especial o uso das facultades previstas para iso na Ordenación das lecturas da Misa,³⁸ no que se refire ás respostas para cada tempo litúrxico.

22. O salmo que segue á lectura, se non se canta, debe lerse do xeito que máis facilite a meditación da palabra de Deus.³⁹

O salmo responsorial é cantado ou lido polo salmista ou cantor no ambón.⁴⁰

c) A ACLAMACIÓN ANTES DA LECTURA DO EVANXEO

23. Tamén o Aleluia, ou, segundo o tempo litúrxico, o versículo antes do Evanxeo «constitúen de seu un rito ou un acto»,⁴¹ co que a asemblea dos fieis recibe e saúda ó Señor que lles vai falar, e profesa a súa fe co canto.

O Aleluia e o versículo antes do Evanxeo deben ser cantados estando todos de pé, pero de xeito que o cante todo o pobo xunto, e non só o cantor ou o coro que empeza o canto.⁴²

d) A HOMILÍA

24. Na homilía expóñense os misterios da fe e as normas de vida cristiá como parte da liturxia da palabra⁴³ ó longo do ano litúrxico e partindo dos textos sagrados; a partir da Constitución sobre a sagrada liturxia do Concilio Vaticano II foi recomendada en moitas ocasións e con moito interese, e incluso hai casos nos que se manda pronunciala. Na celebración da Misa a homilía, feita normalmente polo mesmo que a preside,⁴⁴ ten como finalidade que a palabra de Deus proclamada, xunto coa liturxia eucarística, sexa «como unha proclamación das marabillas de Deus na historia da salvación ou misterio de Cristo». En efecto, o misterio pascual de Cristo, proclamado nas lecturas e na homilía, realízase por medio do sacrificio da Misa.⁴⁵ Cristo está sempre presente e operante na predicación da súa Igrexa.⁴⁷

³⁸ Cf. *infra*, Prenotandos, núms. 89-90, p. XXXIV.

³⁹ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núms. 18 e 39.

⁴⁰ Cf. *ibid.*, núm. 272; e *infra*, Prenotandos, núms. 32ss. pp. XXs.

⁴¹ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 17.

⁴² Cf. tamén *ibid.*, núms. 37-39; *Missale Romanum* ex Decreto Sacrosancti Concilii Oecumenici Vaticani II instauratum, auctoritate Pauli VI promulgatum, *Ordo cantus Missae, Praenotanda*, núms. 7-9; *Graduale Romanum*, 1974, *Praenotanda*, núm. 7. *Graduale simplex*, editio typica altera 1975, *Praenotanda*, núm. 16.

⁴³ Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 52; cf. Sagrada Congregación de Ritos, Instrucción *Inter Oecumenici*, 26 de setembro de 1964, núm. 54: AAS 56 (1964), p. 890.

⁴⁴ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 42.

⁴⁵ Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 35,2.

⁴⁶ Cf. *ibid.*, núms. 6 e 47.

⁴⁷ Cf. Paulo VI, Carta Encíclica *Mysterium Fidei*, 3 de setembro de 1965: AAS 57 (1965), p. 753; Concilio Vaticano II, Decreto *Ad gentes*, sobre a actividade misioneira da Igrexa, núm. 9; Paulo VI, Exhortación apostólica *Evangelii nuntiandi*, 8 de decembro de 1975, núm. 43: AAS 69 (1976), pp. 33-34.

A homilía, en consecuencia, tanto se explica as palabras da sagrada Escritura que se acaban de ler, coma se explica outro texto litúrxico,⁴⁸ debe levar á comunidade dos fieis cara a unha activa participación na eucaristía, de xeito que «vivan sempre de acordo coa fe que profesamos».⁴⁹ Con esta explicación viva a palabra de Deus que se leu e as celebracións que realiza a Igrexa poden adquirir unha maior eficacia, con tal que a homilía sexa realmente froito da meditación, debidamente preparada, nin demasiado longa nin demasiado curta, e a condición tamén de que teña en conta a tódolos que están presentes, incluso os nenos e os menos formados.⁵⁰

Na concelebración, normalmente, fai a homilía o celebrante principal ou un dos concelebrantes.⁵¹

25. Nos días que está mandado, a saber, nos domingos e festas de precepto, débese face-la homilía, e non pode omitirse sen causa grave en ningunha das Misas que se celebran con asistencia do pobo, sen excluí-las Misas que se celebran no serán do día precedente.⁵²

Tamén debe haber homilía nas Misas con nenos e con grupos particulares.⁵³

A homilía é moi recomendable nos días de diario de Advento, de Coresma e do tempo pascual, para os fieis que habitualmente participan na celebración da Misa, e tamén noutras festas e ocasións nas que o pobo acode á igrexa en maior número.⁵⁴

26. O sacerdote celebrante pronuncia a homilía na sé, de pé ou sentado, ou tamén no ambón.⁵⁵

27. Cómpre separar da homilía as breves advertencias que, postos no caso, haxa que lle facer ó pobo, xa que estas teñen o seu lugar propio despois da oración que segue á comunión.⁵⁶

e) O SILENCIO

28. A liturxia da palabra hase celebrar de xeito que favoreza a meditación; por iso cómpre evitar calquera tipo de présas que impida o recollemento. O diálogo entre Deus e a xente, coa axuda do Espírito Santo, require uns breves momentos de silencio, axeitados á asemblea presente, para que neles a palabra de Deus sexa acollida interiormente e se prepare a resposta por medio da oración.

⁴⁸ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 35, 2; *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 41.

⁴⁹ Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 10.

⁵⁰ Cf. Xoán Paulo II, Exhortación apostólica *Catechesi tradendae*, 16 de outubro de 1979, núm. 48: AAS 71 (1979), p. 1316.

⁵¹ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 165.

⁵² Cf. *ibid.*, núm. 42, e tamén Sagrada Congregación de Ritos, Instrucción *Eucharisticum mysterium*, 25 de maio de 1967, núm. 28: AAS 59 (1967), pp. 556-557.

⁵³ Cf. Sagrada Congregación para o Culto divino, Instrucción *Actio pastoralis*, 15 de maio de 1969, núm. 6 g: AAS 61 (1969), p. 809; *Directorium de Missis cum pueris*, 1 de novembro de 1973, núm. 48: AAS 66 (1974), p. 44.

⁵⁴ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núms. 42, 338. *Ritual do Matrimonio* reformado segundo os decretos do Concilio Vaticano II, aprobado polos Bispos das diócesis de lingua galega e confirmado pola Congregación do Culto divino e da Disciplina dos Sacramentos (Provincia eclesiástica de Santiago de Compostela, segunda edición, 1996), núms. 57, 91, 123; *Ritual de Exequias* reformado segundo os decretos do Concilio Vaticano II, aprobado polos Bispos das diócesis de lingua galega e confirmado pola Congregación do Culto divino e da Disciplina dos Sacramentos (Provincia eclesiástica de Santiago de Compostela, segunda edición, 1995), pp. 72, 88, 99, 111, 124, 137, 152, 164, 177.

⁵⁵ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 97.

⁵⁶ Cf. *ibid.*, núm. 139.

Pódense gardar estes momentos de silencio, por exemplo, antes de empeza-la liturxia da palabra, despois da primeira e da segunda lectura e, por último, ó remata-la homilía.⁵⁷

f) A PROFESIÓN DE FE

29. O Símbolo ou profesión de fe, dentro da Misa, cando as rúbricas o prescriben, ten por finalidade que a asemblea reunida dea o seu asentimento e maila súa resposta á palabra de Deus escoitada nas lecturas e na homilía, e lle lembre á mesma asemblea a norma da súa fe, segundo a forma aprobada pola Igrexa, antes de empeza-la celebración do misterio da fe na eucaristía.⁵⁸

g) A ORACIÓN UNIVERSAL OU ORACIÓN DOS FIEIS

30. Na oración universal a asemblea dos fieis, á luz da palabra de Deus, á que en certo modo responde, pide normalmente polas necesidades de toda a Igrexa e da comunidade local, pola salvación do mundo e polos que se atopan en calquera necesidade, por determinados grupos de persoas.

Baixo a dirección do celebrante, un diácono ou un ministro ou algúns fieis propoñen oportunamente unhas peticións, breves e compostas cunha sabia liberdade; con estas peticións «o pobo, exercitando o seu oficio sacerdotal, roga por toda a xente»,⁵⁹ de xeito que, completando en si mesmo os froitos da liturxia da palabra, poida facer máis adecuadamente o paso á liturxia eucarística.

31. O celebrante dirixe a oración universal desde a sé, mentres que as intencións se anuncian desde o ambón.⁶⁰

A asemblea reunida, de pé, participa na oración dicindo ou cantando a mesma invocación despois de cada petición, ou ben orando en silencio.⁶¹

2. Cousas que axudan a unha recta celebración da liturxia da palabra

a) LUGAR DA PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

32. Na nave da Igrexa ten que haber un lugar erguido, fixo, dotado dunha axeitada disposición e nobreza, como corresponde á dignidade da palabra de Deus; ó mesmo tempo, lémbrales ós fieis con claridade que na Misa se lle prepara a dobre mesa da palabra de Deus e do corpo de Cristo;⁶² esta axeitada disposición axudará todo canto mellor poida a escoita e a atención por parte dos fieis durante a liturxia da palabra. Por iso, tendo en conta a estrutura de cada igrexa, deberase atender á proporción e harmonía entre o ambón e o altar.

33. Cómpre que o ambón, tendo en conta a súa estrutura, estea adornado con xeito, de maneira estable ou en cada caso, polo menos nos días máis solemnes.

Como o ambón é o lugar no que os ministros anuncian a palabra de Deus, tendo en conta a finalidade do mesmo, débese reservar para as lecturas, o salmo responsorial e

⁵⁷ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 23.

⁵⁸ Cf. *ibid.*, núm. 43.

⁵⁹ *Ibid.*, núm. 45.

⁶⁰ Cf. *ibid.*, núm. 99.

⁶¹ Cf. *ibid.*, núm. 47.

⁶² Cf. *supra*, nota 23, p. XV.

o pregón pascual. Tanto a homilía coma a oración dos fieis pódense facer tamén no ambón, dada a íntima conexión destas partes con toda a liturxia da palabra. En cambio, non é aconsellable que suban ó ambón outras persoas, como, por exemplo, o comentador, o cantor ou o que dirixe o canto.⁶³

34. Para que o ambón sirva para as celebracións dun xeito adecuado, debe ter unha amplitude suficiente, pois que por veces hanse situar nel máis dun ministro. Ademais, procurárase que os lectores teñan no ambón iluminación abonda para a lectura do texto, e, se fixer falla, poderanse empregar os actuais instrumentos técnicos para que os fieis oian comodamente.

b) OS LIBROS PARA A PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS NAS CELEBRACIÓNS

35. Os libros que conteñen as lecturas da palabra de Deus, o mesmo que os ministros, as actitudes, os lugares e demais cousas, suscitan nos oíntes o recordo da presenza de Deus que lle fala ó seu pobo. Procurárase, pois, que tamén os libros, que na acción litúrxica son signos e símbolos das cousas celestiais, sexan verdadeiramente dignos, decorosos e fermosos.⁶⁴

36. Posto que a proclamación do Evanxeo sempre é o cumio da liturxia da palabra, a tradición litúrxica, tanto occidental coma oriental, introduciu desde sempre algunha distinción entre os libros das lecturas. En efecto, o libro dos Evanxeos era elaborado con especial interese, adornábase singularmente e gozaba dunha veneración superior á dos demais leccionarios. Polo tanto, é moi conveniente que tamén agora, polo menos nas catedrais e nas parroquias e igrexas máis importantes e frecuentadas, se dispoña dun evanxeliario fermosamente adobiado, distinto dos outros leccionarios. Con moita razón este libro entrégaselle ó diácono na súa ordenación, e na ordenación episcopal colócase e sostense sobre da cabeza do elixido.⁶⁵

37. Finalmente, os leccionarios que se empregan na celebración, pola dignidade que esixe a palabra de Deus, non deben ser substituídos por outros materiais de orde pastoral, por exemplo, as follas que se fan para que os fieis preparen as lecturas ou para a súa meditación persoal.

⁶³ Cf. *Ordenamento xeral do Misal romano*, núm. 272.

⁶⁴ Cf. Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 122.

⁶⁵ *Ritual das Ordenacións. A Ordenación do Bispo, dos presbíteros e dos diáconos*, reformado segundo o decreto do sacrosanto Concilio ecuménico Vaticano II, promulgado por mandato do Papa Paulo VI, e revisado por encargo do Papa Xoán Paulo II, tradución de Comisión Interdiocesana para a Liturxia en galego e confirmado pola Congregación do Culto divino e da Disciplina dos Sacramentos (Provincia eclesiástica de Santiago de Compostela, 1997), núms. 50, 86, 210, 238, 280, 321.